

# PROXECTO DE FOMENTO DE USO do

# Galego

2022-2023

Coordinadora: Raquel Pérez Fernández



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

## INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos, coa marcha ao instituto dos máis maiores (galego falantes practicamente na súa totalidade) descendeu considerablemente o número de nenos e nenas galego falantes, o que nos leva a darnos conta de que, incluso nun entorno rural como é o noso, a lingua galega está desaparecendo da vida das xeracións máis novas, en detrimento doutras linguas, algo que se pode apreciar na posterior análise da situación lingüística do noso centro. E é que na actualidade o número de alumnado que emprega o galego como lingua habitual na nosa escola ronda o 25%, sendo practicamente as 3/4 partes do alumnado os que se expresan en castelán.

Por iso, dende o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística trataremos de dobrar os esforzos co fin de intentar que a lingua galega, o seu uso diario dentro e fóra da escola e a súa aprendizaxe non decaia, senón que medre. E é que somos conscientes de que o que fagamos no futuro determinará en gran medida a situación da lingua galega no futuro, tanto no noso contorno máis próximo como no resto da nosa comunidade. Para iso fomentaremos a participación de toda a comunidade educativa a través de actividades que teñan como eixe principal a lingua galega.

Así, a nosa idea é intentar propoñer e desenvolver un proxecto no que todos os membros da comunidade educativa traballen coordinada e cooperativamente, implicando a todas as materias e competencias. Este proxecto conta, por tanto, co compromiso e participación de todo o profesorado, así como dos diferentes equipos do centro. O éxito deste depende, en gran medida, da implicación de todos os sectores da comunidade educativa pois, a fin de contas, a mellora da situación da nosa lingua é unha obriga de todos nós.

Tendo en conta que o coidado e emprego da nosa lingua determinará a situación da mesma no futuro, dende o CEIP Carmen García Carrasco (Cenlle), tratamos de promover e iniciar unha serie de procesos a curto, medio e longo prazo que nos permitan introducir e enraizar o galego na nosa vida diaria tentando revertir a situación que o galego está a vivir nos últimos tempos nos que son outras as linguas que dominan en distintos contextos e situacións de interacción.

**DATOS XERAIS DO CENTRO**

CENTRO	CEIP. CARMEN GARCÍA CARRASCO
TIPO DE CENTRO	Colexio Público de Educación Infantil e Primaria
CÓDIGO DO CENTRO	32015918
NIF DO CENTRO	S3200017F
ENDEREZO.	Estrada de Valdepereira S/n
CÓDIGO POSTAL	32454
CONCELLO	CENLLE
TELÉFONO	988 40 40 56
FAX	988 40 40 56
CORREO ELECTRÓNICO	<a href="mailto:ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es">ceip.carmen.garcia.carrasco@edu.xunta.es</a>
PÁXINA WEB	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcarmengarcia">http://centros.edu.xunta.es/ceipcarmengarcia</a>

**a. NÚMERO DE UNIDADES:**

Número de unidades:	E. Inf.	E.Prim.	E.S.O.
Catalogadas	1	2	--
Funcionando	1	2	--

**b. NÚMERO DE ALUMNOS/AS AO INICIO DO CURSO:**

4° EI	5° EI	6° EI	1° EP	2° EP	3° EP	4° EP	5° EP	6° EP	1° ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO
2	4	4	6	3	7	4	3	4	--	--	--	--

## ENTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Instalacións: o noso centro está composto por un único edificio de dúas plantas. Nel hai catro aulas

- Unha aula para o grupo de 1º
- Unha aula para o grupo de 2º e 3º
- Unha aula para o grupos de 4º 5º e 6º
- unha aula de infantil
- unha aula multiusos (lingua inglesa, plástica, apoio e relixión)
- unha biblioteca
- unha aula compartida para PT/AL
- unha sala de traballo para o profesorado
- dúas salas de mestres
- aula de psicomotricidade
- un pavillón exterior
- servizos en cada planta para o alumnado e profesorado
- despacho de dirección.

O CEIP Carmen García Carrasco de Cenlle é un centro público rural de infantil e primaria. Atopámonos e pertencemos á comarca do Ribeiro, situándonos case equidistantes a Ribadavia e ao Carballiño.

Na actualidade somos un centro pequeno, cun total de 37 alumnos e alumnas que se reparten entre os diferentes cursos de educación infantil e primaria. A maior parte do noso alumnado vive nas aldeas que forman parte do Concello de Cenlle polo que a totalidade vén no transporte escolar e come no comedor escolar. Unha pequena parte vive no propio Concello. A maioría do alumnado do noso centro ten gratuidade completa no servizo de comedor escolar.

Ao ser unha zona rural a maior parte das familias, especialmente avós, utilizan o galego como lingua habitual polo que o noso alumnado está acostumado a escoitar falar galego na casa, razón pola que nos comprenden totalmente ás mestras que falamos en galego. Non obstante, a diferenza de anos anteriores, o galego non é a primeira lingua do noso alumnado na maioría dos casos, pois só unha cuarta parte do alumnado do centro se expresa en galego. O resto

faino en castelán, especialmente durante os xogos e interaccións con iguais. E isto é algo que nos preocupa especialmente, pois gran parte do alumnado galego falante atópase nos cursos altos de primaria, aínda que tamén hai alumnado galego-falante en infantil.

Neste sentido, consideramos que a actitude xeral do profesorado cara a lingua galega é positiva pois a dispoñibilidade pola súa parte para impartir a docencia en galego é plena. O 100% do profesorado trata de adaptar sempre a súa proposta docente ás necesidades educativas do alumnado e a lingua empregada co alumnado é maioritariamente o Galego. Ademais, toda a documentación (circulares, notas informativas, autorizacións...) están en lingua galega. Non obstante, dende o centro consideramos interesante melloralala a través da proposta e participación en actividades e proxectos nos que o uso e valor do galego é fundamental. Materias impartidas en lingua estranxeira segundo autorización da administración educativa: Educación Plástica en 4º, 5º e 6º de primaria.

***Linguas que se empregan nas distintas etapas e cursos por área.***

Áreas						
Infantil	Globalizado	Relixión	Inglés	Ling.Mus	E.Física	Ling.Plást.
		Galego	Castelá	Inglés	Galego	Galego

**PRIMARIA**

	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Ciencias Sociais	Ciencias Naturais	Valores Cívicos Sociais	Relixión	Inglés	Música	E. Física	Plástica
1º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Galego
2º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Galego
3º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Galego
4º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Inglés
5º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Inglés
6º	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Galego	Galego	Castelán	Inglés	Galego	Galego	Inglés

Nas áreas que se detalla que se emprega o galego, os materiais didácticos e libros están redactados en galego.

## SITUACIÓN DO PROFESORADO

O persoal docente do colexio fórmano

- 3 mestres especialistas (lingua estranxeira, música e educación física)
- unha mestra de educación infantil
- unha mestra de relixión que comparte con outros dos centros
- un mestre de atención preferente
- un mestre do programa PROA+
- un mestre a media xornada
- un mestre de AL compartido con outro centro

En canto ao persoal non docente o centro conta cunha cociñeira, unha coidadora que atenden a un neno con necesidades educativas especiais. Ademais, o centro tamén dispón de servizo de limpeza.

Salientamos o interese do profesorado por formarse no uso da biblioteca. Contamos con Equipo de dinamización da lingua galega, o cal está formado por todos o membros do claustro. As competencias do Equipo de Dinamización da lingua galega son as establecidas no Decreto 124/2007 de 28 de xuño. Compoñentes do Equipo de Dinamización da lingua galega:

- **Coordinadora:** - Raquel Pérez Fernández

Establécese un calendario de reunións mensual, e a maiores celébranse reunións cando se estima preciso

O 100 % do profesorado adapta sempre a súa proposta docente ás necesidades educativas do alumnado e a lingua empregada co alumnado é a que corresponde coa táboa anteriormente explicada. A lingua empregada polos mestres no centro educativo é castelán e galego por igual.

## SITUACIÓN DO ALUMNADO

Dende o punto de vista do alumnado de Educación Infantil e Primaria destaca que na actualidade o 75% dos alumnos/as usa o Castelán como lingua habitual na casa e úsao cos compañeiros e compañeiras. De todos os xeitos amósanse favorables a que se lles impartan en Galego a maioría das materias pois a presenza do galego navida do alumnado do centro é habitual.

Na actualidade temos dous alumnos procedentes de Marrocos e catro procedentes de Australia

Neste presente curso pasouse unha enquisa para as nais e pais do alumnado que comeza 4º de educación infantil (3 anos):

Nº de alumnos/as conpraza en Educación Infantil de 3 anos	Nº de familias que entregou o cuestionario	Nº de respostas de galego como lingua materna	Nº de respostas de castelán como lingua materna:
2	2	1	1

## SITUACIÓN DO CENTRO

O centro comunícase na súa totalidade en galego: na lingua oral e na escrita coas familias, co concello, a ANPA, a Delegación e demais institucións, notas informativas, xestión administrativa ....

A lingua galega será a lingua vehicular do Centro para as comunicacións coa Consellería. Nas reunións se emprega o galego e o castelán como linguavehicular. Todos as dependencias do centro teñen o nome escrito en galego. Nas prácticas comunicativas informais, dos mestres co alumnado ou coas familias a lingua empregada é tanto o castelán como o galego, aínda que se intenta sempre falar en galego. A ANPA, emprega tamén o galego como lingua de comunicación nas distintas notas informativas que lles envía aos pais/nais dos alumnos/as.

### **Dotación dos fondos en galego**

A biblioteca do centro conta con abundantes fondos (ao redor de 7.700 exemplares en galego e castelán) porque cursos anteriores participouse co Plan de Mellora de Bibliotecas escolares, PLAMBE. Coa asignación económica adquiríronse novos fondos, dos cales máis dun 50% está en galego.

### **Presenza do galego nas TICS**

O centro conta con 10 ordenadores e 8 tabletas. E este ano participamos no programa a de **POLOS CREATIVOS** o cal estará desenvolto na súa totalidade en galego.

Todos os grupos teñen asignado un horario semanal do que habitualmente fan uso para traballar coas novas tecnoloxías. Ademais o centro conta con proxectores en cada aula conta cun proxector ademais dos ordenadores para o uso de cada titor ou especialista. Contamos con algún software en galego, especialmente para os niveis máis baixos.

A páxina web do centro conta cun espazo especialmente adicado ás actividades que se promoven dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, así como daquelas que, sendo organizadas polos titores e titoras, outros equipos do centro, Anpa e outras institucións, fomentan a cultura e a Lingua Galega.



A Biblioteca recolle as actividades que se van realizando no centro e en especial os proxectos que se elaboran dende o EDLG. Os fondos da biblioteca están catalogados e xestionados a través do programa MEIGA, tamén en galego.

## DESCRIPCIÓN DE OBXECTIVOS.

### OBXECTIVO XERAL.

Coa situación exposta nesta introdución, consideramos que no noso centro se ten acadado unha situación de "normalización" respecto á lingua galega, polo que os obxectivos actualmente van enfocados a manter a ambientalidade lingüística favorable, promovendo actividades de "dinamización" que incrementen a vitalidade do galego entre a comunidade escolar.

De modo que os obxectivos xerais quedan resumidos da seguinte maneira:

- Fomentar actitudes positivas cara ó uso da lingua galega por parte dos membros da comunidade escolar en todos os ámbitos do noso centro.
- Potenciar a valorización e coñecemento da cultura galega en xeral e da lingua galega en particular como indicadores propios da nosa identidade.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

O noso centro ten acadada unha situación de normalización respecto á lingua galega, polo que os obxectivos van enfocados a manter un ambiente lingüístico favorable, promovendo actividades de dinamización que incrementen a vitalidade do galego entre a comunidade escolar:

- a. Presenza e uso do **galego en todos os documentos**, escritos (autorizacións, circulares, peticións...) e exposicións orais relacionadas coas familias e co entorno.
- b. Elaboración e **redacción en galego** da totalidade da **documentación administrativa e pedagóxica**, así como en membretes e selos sempre que sexa posible.
- c. Emprego do **galego por parte do profesorado** nas situacións e conversas que mantemos **coas familias, co alumnado, co resto persoal do centro** e demais membros da comunidade educativa.

- d. **Confección en galego de todos os avisos, carteis, boletíns, trípticos** ... presentes no centro e enviados dende o mesmo con motivo de diferentes conmemoracións (magosto, Entroido, Nadal...).
- e. Uso do **galego** en todos **os actos e conmemoracións** que organice e nos que participe o centro.
- f. Mantemento, actualización e revisión da **web do centro** prestando especial atención á presenza da lingua galega nela, incluíndo un apartado relativo ás novas relacionadas co galego.
- g. Elaboración de **obras de teatro en galego**.
- h. Apertura dun apartado dentro da **web do centro relacionado** coa Lingua Galega no que se irán publicando **as diferentes actividades**, concursos, actividades e creacións literarias que teñan especial relación co galego.
- i. Celebración do **Samaín** e Halloween unindo festividades e culturas para que o alumando coñeza as diferenzas e similitudes destas dos festividades.
- j. Celebración do **Magosto** cunha xincana previa de **xogos populares** variados (aros, zancos, bolos, billarda...), comida no patio da **gastronomía típica** desta festa e realización dunha **fogueira** se a situación o permite.
- k. Elaboración de **disfraces** para profesorado e alumnado, de acordo cunha temática determinada. Con eles farase un **desfile** polas rúas de Cenlle ao que convidaremos ás **familias**, que esperamos se volvan disfrazar connós en relación coa temática acordada como os cursos anteriores. Ao final celebráremolo cun baile de disfraces e unha **degustación de sobremesas típicas** desta época (orellas, filloas...) en **colaboración coa ANPA e o Concello**, sempre que as autoridades sanitarias e educativas así o autoricen e determinen.
- l. Participación en **actividades e visitas de carácter didáctico e educativo** en diferentes contornos e lugares da nosa comunidade, en

función do tempo e do presuposto que teñamos.

- m. Elaboración e **desenvolvemento de unidades didácticas** relacionadas con conmemoracións como o Día da muller traballadora, o Día das Letras Galegas.
- n. **Celebración dun festival de inverno** e dunha festa de despedida con **cancións, panxoliñas, obras de teatro**.
- o. **Convivencia con outros centros educativos** con motivo do **Día das Letras Galegas** para compartir e festexar con eles o día das nosas letras a través da visita dun autor ou contacontos, de xincana sobre a autora/autor homenaxeado (obras, biografía...) sempre que sexa posible.
- p. **Redacción e edición dun xornal dixital** escolar no que reflectiremos todas as actividades realizadas ao longo do curso.
- q. Uso de **programas e software en galego** en todos os ordenadores do centro.
- r. **Dotación da biblioteca con novos fondos en galego**
- s. Asistencia a representacións teatrais, concertos didácticos e **proxeccións de películas en lingua galega** ben no propio centro ou en outras entidades ou organismos.
- t. **Convocatoria de concursos** que tiveron éxito en cursos anteriores, ademais de novos concursos nos que poderá participar o alumnado e a través dos que se pretende estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego así como recuperar e valorar costumes e tradicións típicas da nosa comunidade e do noso entorno máis próximo (concurso de cabazas, de sobremesas típicas...).
- u. **Coñecemento da historia, monumentos, lugares de interese...** do Concello no que se atopa o centro, pertencentes á contorna do noso alumnado.

## DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

O equipo de dinamización da lingua galega do noso centro, formado pola totalidade do profesorado que imparte clase no mesmo, leva varios cursos realizando diferentes actividades nas que a lingua galega ocupa un lugar importante.

Neste apartado descríbense con detalle as actividades principais propostas para o actual curso escolar 2022-2023 coa intención de fomentar o uso do galego nos distintos ámbitos e aspectos da vida escolar, para as que solicitaremos financiamento por parte da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de lingua galega.

Ademais do anterior, consideramos importante mencionar que ao tratarse dun centro pequeno dun entorno rural coma o noso, a relación coas familias e outros membros da comunidade educativa é moi estreita e continua. Por iso, moitas das actividades que se levarán a cabo (tales como o festival de Inverno, a despedida de fin de curso, o xornal escolar, o Entroido...) están pensadas ténndoos moi en conta, tratando de promover a participación das familias e das persoas próximas ao entorno, centro e alumnado. Con elas, ademais, esperamos que se divirtan, que convivan, que se expresen e que nos axuden a manter e dar a coñecer os nosos costumes, tradicións, cantigas, oficios. A súa celebración irase adaptando ao establecido pola Consellería de Educación:

### **Temporalización das actividades**

No seguinte cadro recóllese a organización e distribución temporal das actividades propostas, así como as/os responsables do mesmo e as persoas destinatarias.

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DE LA ACTIVIDAD (incluidas las que no tienen un coste económico)	RESPONSABLE/S Y DEPARTAMENTO/S CORRESPONDIENTE/S	PERSONAS DESTINATARIAS	PRESUPUESTO	MATERIAL NECESARIO PARA LA REALIZACIÓN DE LAS ACTIVIDADES
<i>27 e 28 de outubro</i>	Samaín	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	30€	<b>Manualidades</b> de decoración, papeis, cartolinas, pinturas, etc. <b>Publicación</b> na web das actividades
<i>11 de novembro</i>	Magosto	Todo o profesorado	Alumnado profesorado e familias	30€	<b>Manualidades</b> para gardar as castañas, papeis, cartolinas, pinturas, etc. <b>Xincana</b> de xogos populares de Galicia. <b>Publicación</b> na web das actividades
<i>20 de novembro</i>	Día Universal da Infancia	Titor/titora	Alumnado e profesorado	0€	<b>Charlas</b> nas aulas
<i>25 de novembro</i>	Día internacional contra a violencia de xénero	Profesorado, Concello e outras institucións	Alumnado e profesorado	30€	<b>Carteis</b> nas aulas. Copra de cartulinas, folios e pegatinas
<i>3 de decembro</i>	Charla para o Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Titor/titora	Alumnado e profesorado	0€	<b>Charlas</b> nas aulas. <b>Publicación</b> na web das actividades
<i>do 30 de novembro ao 7 de decembro</i>	Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia	Titor/titora	Alumnado e profesorado	0€	<b>Visita ao Parlamento e a Xunta de Galicia</b> para logo traballar nas aulas os contidos do Estatuto de Autonomía e a CE. <b>Publicación</b> na web das actividades

Mes de decembro	Nadal	Profesorado e alumnado	Alumnado, profesorado e familias	50€	<p><b>Manualidades</b> de nadal, papeis, cartolinas, pinturas, pegatinas, etc.</p> <p><b>Publicación</b> na web das actividades</p> <p>Elaboración da <b>obra de teatro</b> "Os planetas"</p> <p>Mensaxe do <b>Apalpador ao alumnado</b></p>
30 de xaneiro	Día Escolar da non Violencia e da Paz	Todo o profesorado	Alumnado profesorado e familias	50€	<p><b>Mensaxes</b> con Globos, helio e material similar</p> <p><b>Publicación</b> na web das actividades.</p> <p>Co emprego da <b>Realidade aumentada</b> elaboraremos mensaxes que logo se verán nunha bola no que se verá a imaxe en 3D.</p> <p>Dende a área de música cantarán canción da paz</p>
do 13 ao 17 febreiro	O Entroido	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	50€	<p>Material para <b>elaborar disfraces</b>, carteis , trípticos do entroido en Galicia.</p> <p>Promovendo un Entroido tradicional por medio da figura do <b>Meco</b>, que nos recomendará como temos que ir disfrazados con temática.. Para isto a colaboración coas familias será esencial.</p> <p><b>Publicación</b> na web das actividades</p>
23 de febreiro	Día de Rosalía de Castro	Todo o profesorado	Alumnado e profesorado	10€	<p>Cartolinas para carteis informativos.</p> <p><b>Publicación</b> na web das actividades.</p> <p>Elaboraremos unha <b>presentación de PowerPoint</b> da vida e obra de Rosalía de Castro e xunto co equipo da Biblioteca</p>

<i>8 de marzo</i>	Día da muller traballadora	Todo o profesorado	Alumnado profesorado e familias	0€	Cartolina para elaboración de <b>cartel</b> . Coas <b>microbits</b> elaboraremos mensaxes cos nomes das mulleres traballadoras
<i>do 6 ao 10 de marzo de 2023</i>	Semana da prensa	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	20€	<p>Cartolinas, folios, pinturas, para <b>trípticos e carteis</b>. <b>Publicación</b> na web das actividades.</p> <p>Realización dun modelo de prensa dixital do Centro .</p> <p><b>"Revista escolar dixital"</b>: Cada titoría entregará un traballo de máximo unha carilla, que se escanearán e coa axuda do Equipo de TIC maquetaremos para facer unha revista dixital.</p> <p>Tamén traballaremos con <b>noticias na clase</b>, priorizando aquelas que fagan referencia a aspectos culturais galegos</p>
<i>do 17 ao 21 de abril de 2023</i>	Semana do Libro	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	50€	<p>Cartolinas, folios, pinturas, para <b>trípticos e carteis</b>. <b>Publicación</b> na web das actividades. Daremos publicidade entre as familias novamente da funcionalidade da plataforma: <b>E-LBE.2</b>: Lectura dixital para as bibliotecas escolares.</p> <p>Promovendo a lectura en galego a través dunha charla cun escritor.</p> <p>Ademais dende a biblioteca farase unha xornada especial de animación á lectura</p>

15 ao 19 de maio de 2023	Semana das letras galegas	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	50€	Cartolinas, folios, pinturas, para <b>trípticos e carteis</b> . Publicación na web das actividades. Creación de recomendación de libros en galego da plataforma <b>E-LBE.2</b>
Xuño	Festa de despedida fin de curso	Todo o profesorado	Alumnado, profesorado e familias	40€	<b>Axendas</b> en galego para o alumando graduado de 6º
Ao longo do curso	Visitas e charlas de escritores e ilustradores galegos	Todo o profesorado	Alumnado profesorado	20€	Papel continuo, rotuladores, cartolinas, témperas, folios, tóner,
Ao longo do curso	Información ao profesorado	Todo o profesorado	Profesorado	10€	Folios, tinta de impresora
Ao longo do curso	Caderno da mochila viaxeira para o alumando	Todo o profesorado	Alumnado profesorado	25€	Folios, tinta de impresora, espirais de encuadernación.
Ao longo do curso	Compra de música galega	Todo o profesorado	Alumnado profesorado e familias	50€	Compra de Cds de música en galego
<b>TOTAL</b>				<b>515€</b>	



Durante todo o curso (alternando unha semana si outra non) iremos á **Biblioteca de Cenlle** que queda xusto diante do colexio e participaremos e traballaremos conxuntamente en todas as conmemoracións ao longo do curso.

Durante todo o curso e coa colaboración do Responsable da Biblioteca cada xoves teremos contacontos en familia, no que unha familia irá a contar contos na hora de ler

Queremos deixar constancia de que sempre que sexa posible nos comprometemos a desenvolver as actividades propostas neste proxecto no caso de obter financiamento. Non obstante, de non obter o financiamento ou non a súa totalidade, trataremos de realizartodas as propostas anteriormente mencionadas cos gastos de funcionamento do centro sempre que as circunstancias nolo permitan e dentro das nosas posibilidades, pois cremos que é necesario promover e fomentar o uso do galego dunha forma especial nas sociedades máis novas nas que o galego comeza a desaparecer.

Ademais das anteriores tratarán de levarse a cabo outras actuacións como son:

- Actualizar o inventario dos recursos didácticos que sirvan de apoio ás materias impartidas en galego.
- Poñer en coñecemento dos demais mestres a existencia do material.
- Facilitar información ao profesorado de cursos, encontros e da lexislación alusiva á lingua galega.
- Motivar a profesorado e alumnado na planificación e realización de actividades relacionadas coa lingua galega.
- Fomentar o traballo cooperativo por medio do diálogo para facilitar a integración de todos aqueles quedescoñezan a lingua galega.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso do galego na xornada habitual.
- Incorporar nas programacións didácticas a realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore de Galicia.
- Empregar a lingua galega como lingua de referencia en todos os actos (contacontos, festivais, celebracións,...) aos que ten acceso toda a comunidade educativa escolar .

### **Criterios para o seguimento e avaliación**

Ao longo do curso escolar, faise un seguimento do Proxecto para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan. No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese

Visto e prace

A dinamizadora do proxecto fomento do uso do galego e  
Directora do CEIP Carmen García Carrasco



Raquel Pérez Fernández

Toda a comunidade educativa e a Dinamizadora e Directora do Centro manifestamos o compromiso de desenvolvemento das actividades programadas no caso de obter o financiamento

Pódese consultar este proxecto no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarmengarcia/?q=taxonomy/term/57>